



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO NA INFORMACIÓN SOBRE A EXISTENCIA E UTILIDADE DO TELÉFONO DA SOIDADE NON DESEXADA PARA O EXERCICIO 2025.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Galega de Comercio, o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá os seus efectos dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas funcións o establecemento da súa colaboración na información do teléfono da Soidade Non Desexada para as persoas da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025.

Que a cooperación radica en que desde calquera comercio de Galicia a través dos seus comerciantes poden detectar os casos de Soidade Non Desexada entre as persoas asiduas aos seus establecementos. Estes profesionais son coñecedores das situacións persoais dos seus clientes e poden dar información do teléfono e por conseguinte, axudar a previr e reducir a soidade non desexada nesos destinatarios en risco de soidade, cunha efectividade real e mediante esa información do devandito teléfono, axudar a moitas persoas.

O interese público deste servizo telefónico queda acreditado como unha actuación innovadora de atención ás persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, principalmente para persoas maiores en situación de soidade non desexada. Ditos servizos telefónicos incluírán un enfoque de prevención, identificación e atención ás persoas que se atopan na devandita situación e serán atendidos por persoal especialista, formado para ese efecto.

As persoas beneficiarias da actuación obxecto deste convenio, consistente na transmisión de información sobre o teléfono da Soidade non desexada a través dos comercios de Galicia, son as persoas que acoden a ditos comercios e poden atoparse en risco de estar nesa situación de soidade ou xa padecela.

Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de colaboración exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico





español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A vixencia do instrumento de colaboración comprende dende día da súa sinatura e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2025.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital.

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

